



**BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE
PERSOAL DO
GDR RIBEIRA SACRA-COUREL**

**GDR-06
INTERVENCIÓN LEADER DE GALICIA, NO MARCO DO PLAN
ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027**

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA A EXECUCIÓN DA INTERVENCIÓN LEADER DE GALICIA, NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027, POLO GDR RIBEIRA SACRA-COUREL (GDR-06)

1. ANTECEDENTES

O **7 de agosto de 2024**, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e a **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO LOCAL RIBEIRA SACRA-COUREL** asinaron o convenio de colaboración para a aplicación da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo na medida Leader de Galicia 2023–2027, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023–2027.

O **13 de marzo de 2025**, reunida a Xunta Directiva da Asociación de Desenvolvemento Local Ribeira Sacra–Courel, acordou convocar un procedemento de selección para cubrir unha praza de persoal **TÉCNICO/A** para o equipo xestor do GDR, en relación coa aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR no período de programación 2023–2027 da Intervención Leader de Galicia no marco do Plan Estratéxico da PAC. Así mesmo, acordou por unanimidade aprobar o texto das Bases que rexerán o proceso de selección e a designación da Comisión de Selección que guiará este proceso, facultando a esta para a interpretación das devanditas bases.

Segundo o exposto, a Xunta Directiva do **GDR Ribeira Sacra–Courel (GDR-06)** acordou convocar un proceso de selección para cubrir un posto de traballo de **TÉCNICO/A**, de conformidade coas seguintes Bases.

O proceso garantirá os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia, para o que se aproban as presentes Bases.

II.- BASES

PREVIA:

Estas bases foron redactadas de acordo co Convenio de colaboración asinado entre AGADER e a **Asociación de Desenvolvemento Local Ribeira Sacra–Courel** o **7 de agosto de 2024**, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local no marco da Intervención LEADER 2023-2027, cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027.

BASE 1: OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto fixar as bases que rexerán a selección dun posto de traballo como **TÉCNICO/A** para a execución da Intervención Leader de Galicia, no marco do Plan

LEADER

Desenvolvemento liderado polas comunidades locais

Ribeira Sacra - Courel
Grupo de Desenvolvemento Rural

Estratéxico da PAC 2023-2027, para a **Asociación de Desenvolvemento Local Ribeira Sacra–Courel (GDR-06)**.

O réxime de contratación será laboral mediante a modalidade de contratación por conta allea. O tipo de contrato será **“INDEFINIDO”**, co período de proba establecido legalmente, vinculado á xestión

de fondos obtidos na execución da Intervención Leader pola Asociación Ribeira Sacra–Courel e á duración dende a data na que se contrate ata o final da xestión da Intervención Leader de Galicia, no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027.

BASE 2: DESCRICIÓN DO POSTO E REQUISITOS

As características do posto de **TÉCNICO/A** que se oferta, titulación, requisitos, retribución anual e funcións son as seguintes:

Titulación mínima requirida:

Grao ou titulación universitaria equivalente.

Retribución:

33.500 € brutos anuais, que se distribuirán en **12 pagas**.

Duración:

Duración **indefinida**, mediante contrato ligado á execución da Intervención Leader 2023-2027.

Centro de traballo:

A sede do **GDR Ribeira Sacra–Courel**, situada na **Rúa Doctor López Lallana nº 1D, 27340 Bóveda (Lugo)**.

Funcións a realizar:

O/a Técnico/a asumirá as seguintes funcións:

- Coordinación operativa do programa Leader Galicia 2023-2027 no ámbito do GDR Ribeira Sacra-Courel, garantindo a correcta execución técnica, administrativa e económica das actuacións previstas na estratexia de desenvolvemento local.
- Xestionar de maneira integral os expedientes de axudas Leader, desde a súa tramitación inicial ata a execución e xustificación final.
- Elaborar informes técnicos, económicos e de seguimento necesarios para a xestión do programa e para a remisión de documentación a AGADER.
- Informar, asesorar e prestar apoio aos promotores sobre a adecuación dos seus proxectos ás bases reguladoras, así como sobre outras posibles axudas complementarias.
- Realizar a análise e valoración técnica dos proxectos presentados, atendendo os criterios de selección recollidos na estratexia.
- Apoiar a organización e funcionamento das mesas sectoriais, foros, xornadas, congresos ou encontros vinculados ao desenvolvemento rural.
- Realizar o seguimento, control e supervisión do grao de execución dos proxectos aprobados.

- Xestionar a administración, contabilidade e control orzamentario asociados á execución da intervención Leader.
- Elaborar o Informe de Control de Elixibilidade dos proxectos.
- Dinamizar e promover o territorio mediante accións de mobilización, animación e difusión do programa Leader.
- Representar tecnicamente ao GDR en encontros, redes e foros de desenvolvemento rural.
- Manter unha relación fluída e continuada con AGADER e coas entidades colaboradoras vinculadas ao programa.
- Aplicar na xestión diaria os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e concorrência competitiva.
- Asumir outras funcións de natureza técnica relacionadas coa execución do programa Leader que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno do GDR.

Requisitos mínimos:

Para participar no proceso selectivo, será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Ser cidadán/a español/a ou dun Estado membro da Unión Europea.
- Ter cumpridos 18 anos e non ter acadado a idade de xubilación.
- Posuír carné de conducir tipo B e dispoñibilidade de vehículo para facer desprazamentos
- Acreditar unha conta de correo electrónico para comunicacións durante o proceso selectivo, sendo esta a única canle de comunicación entre o GDR Ribeira Sacra-Courel e os/as aspirantes.
- Non desempeñar cargos electos no GDR Ribeira Sacra-Courel nin en ningún outro GDR de Galicia.
- Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.
- Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso de selección ata o momento do nomeamento.

BASE 3: PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A solicitude deberá presentarse mediante unha instancia (segundo o modelo do Anexo 1) dirixida ao GDR Ribeira Sacra-Courel, indicando o posto ao que se opta e que se cumpren os requisitos establecidos na base 2 da convocatoria.

A esta solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- Currículum Vitae.
- Listaxe numerada dos méritos alegados.

- Copia dos títulos que acrediten os méritos alegados.
- Copia do DNI.
- Carnet de conducir tipo B
- Dirección de correo electrónico para comunicacións.

As solicitudes enviaranse preferentemente por correo electrónico a **info@ribeirasacracourel.es**. A recepción de cada solicitude será confirmada polo mesmo medio.

Os/as aspirantes que opten por enviar a documentación por correo postal deberán facelo dentro do prazo establecido, remitíndoa ao enderezo do GDR Ribeira Sacra-Courel (Rúa Doctor López Lallana nº6 1D, 27340 Bóveda - Lugo). Ademais, deberán comunicar por correo electrónico o envío e achegar xustificante de imposición postal.

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días naturais** a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio na prensa escrita.

Non serán admitidos/as aqueles aspirantes que presenten a documentación fóra do prazo ou que non cumplan os requisitos esixidos na base terceira.

BASE 4: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O anuncio do proceso selectivo publicarase no xornal **El Progreso**, de maior difusión na provincia de Lugo.

Comunicarase a convocatoria a todos os concellos que forman parte do GDR Ribeira Sacra-Courel para que colaboren na súa divulgación a través dos seus taboleiros de anuncios.

As bases estarán dispoñibles no taboleiro de anuncios da sede administrativa do GDR Ribeira Sacra-Courel e remitiranse a AGADER para a súa publicación na súa páxina web oficial.

BASE 5: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no prazo máximo de **3 días** no taboleiro de anuncios do GDR Ribeira Sacra-Courel a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, indicando a causa da exclusión, se procede.

A todos os/as aspirantes comunicáraselles a súa situación a través do correo electrónico facilitado na solicitude.

Establécese un prazo de **3 días naturais** para a presentación de reclamacións a esta lista provisional. Unha vez resoltas as reclamacións, publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios do GDR Ribeira Sacra-Courel e notificarase a todos/as os/as aspirantes por correo electrónico.

As comunicacións cos/as aspirantes realizaranse exclusivamente a través do taboleiro de anuncios do GDR Ribeira Sacra-Courel e do correo electrónico indicado en cada solicitude. Polo tanto, será requisito indispensable que todos/as os/as aspirantes faciliten unha dirección de correo electrónico válida para as comunicacións oficiais.

BASE 6 : COMISIÓN DE SELECCIÓN

O proceso de selección será levado a cabo por unha Comisión de Selección composta por un número impar de membros con dereito a voz e voto, designados polos órganos de goberno do GDR Ribeira Sacra-Courel:

- **Presidencia:** O/a Presidente/a do GDR Ribeira Sacra-Courel

- **Vogais:**
 - O/a Vicepresidente/a.
 - O/a Tesoureiro/a.
- **Secretaría da Comisión:** A función de secretaría da Comisión será exercida polo/a Secretario/a do GDR.

Así mesmo, poderá estar presente na Comisión de Selección, con voz, pero sen voto un representante de AGADER. O/A representante de AGADER poderá estar presente en calquera das fases do proceso.

A Comisión poderá requirir en calquera momento aos/as aspirantes para que acrediten a súa identidade mediante a presentación do DNI ou outro documento identificativo oficial.

A Comisión de Selección será soberana para resolver as dúbidas que poidan xurdir e tomar as decisións necesarias para o desenvolvemento das probas, sempre dentro do marco das bases da convocatoria.

Para a fase de proba escrita, será suficiente a presenza de polo menos **dous membros** da Comisión de Selección para vixiar o correcto desenvolvemento da proba.

BASE 7: PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección estrutúrase en tres fases, cunha puntuación total de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

- Proba escrita: máximo 50 puntos
- Valoración de méritos: máximo 25 puntos
- Entrevista persoal: máximo 25 puntos

1. Primeira fase: Proba escrita (máximo 50 puntos)

A proba escrita terá carácter eliminatorio. Será preciso acadar un mínimo de **20 puntos** para pasar á seguinte fase (entrevista). Entre as persoas que superen esta puntuación, serán convocadas á entrevista **as cinco que obteñan maior nota**, podendo ser máis no caso de empate na quinta posición.

A proba consistirá nun **exame tipo test** sobre os contidos especificados na **Base 9** (contido das probas), versando sobre materias vinculadas ao desenvolvemento rural, a Intervención Leader no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, a normativa de subvencións e o territorio de actuación do GDR.

A proba constará de **40 preguntas curtas tipo test**, con **catro respostas posibles**, das cales **só unha será válida**.

O sistema de corrección será o seguinte:

- **1 punto** por cada resposta correcta.
- **-0,5 puntos** por cada dúas respostas incorrectas.
- **As preguntas non contestadas non restarán puntuación.**

O tempo máximo para a realización do exame será de **unha hora (60 minutos)**.

Adicionalmente, elaboraranse **3 preguntas de reserva**, que só se empregarán no caso de que a Comisión de Selección anule algunha das preguntas do exame por estar incorrectamente formulada, conter máis dunha resposta válida ou calquera outro erro material.

As preguntas anuladas serán substituídas, pola súa orde, polas preguntas de reserva.

Impugnación de preguntas

En caso de que algún/ha candidato/a desexe impugnar algunha das preguntas do test, por considerar incorrecta a resposta establecida pola Comisión como válida ou por erro na formulación da pregunta, poderá presentar alegacións ante a Comisión de Selección no prazo de **3 días naturais** desde a publicación das respostas e das puntuacións provisionais.

Unha vez resoltas as impugnacións, se algunha pregunta é anulada, aplicarase a correspondente pregunta de reserva.

No caso de que, tras resolver a impugnación, o/a candidato/a acade **20 puntos** (puntuación mínima) ou pase a situarse entre as **cinco mellores puntuacións**, será incorporado/a á lista de persoas convocadas á entrevista persoal.

Esta lista definitiva publicarase polos medios indicados na base correspondente.

2. Segunda fase: Valoración de méritos (máximo 25 puntos)

A Comisión de Selección procederá á comprobación dos currículos vitae, así como á verificación dos documentos acreditativos dos méritos alegados, e en virtude de elo, procederá á valoración dos méritos segundo os criterios establecidos.

O baremo aplicable á valoración dos méritos suporá un 25 % da cualificación final no proceso.

- Avaliarase a formación académica e a experiencia profesional dos/as aspirantes segundo o baremo establecido na base 10.

3. Terceira fase: Entrevista (máximo 25 puntos)

A entrevista persoal terá carácter obrigatorio e suporá o 25% da cualificación final no proceso. A súa finalidade será valorar aspectos persoais e profesionais relevantes para o desempeño do posto.

Os criterios que se valorarán serán os seguintes:

- **Capacidade de organización, xestión autónoma e liderado de equipos** (máx. 12 puntos)
- **Actitude e motivación para o posto e para o traballo no ámbito rural** (máx. 8 puntos)
- **Habilidades comunicativas e trato persoal** (máx. 5 puntos)

A entrevista será cualificada de forma individual por cada membro da Comisión de Selección, asignando unha puntuación de 1 a 25 puntos segundo o baremo anterior. A puntuación final da entrevista será a media das valoracións emitidas polos membros da Comisión.

Superación do proceso

A participación nas tres fases do proceso será obrigatoria. Para poder ser seleccionado/a, será imprescindible realizar todas as fases do proceso e acadar a maior puntuación total segundo os criterios establecidos nestas bases.

BASE 8: ACTUACIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes serán convocados/as cun mínimo de **24 horas de antelación** a cada unha das probas.

Realizarase un **único chamamento** para cada fase do proceso. A non presentación no momento da convocatoria, así como a falta dun documento identificativo oficial válido (DNI, Pasaporte ou Carné de Conducir), determinará automaticamente a exclusión do proceso selectivo.

Durante o desenvolvemento das probas, os/as aspirantes deberán respectar as instrucións do tribunal e manter unha conduta adecuada. O incumprimento de normas ou calquera intento de fraude poderá ser motivo de descalificación inmediata.

BASE 9: CONTIDOS DAS PROBAS

A continuación describense os contidos sobre os que versará a proba escrita:

1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Bases reguladoras das axudas Leader 2023-2027.

Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de 10 de abril de 2025, publicado no DOG nº 82, do 30 de abril de 2025.

3. Plan de xestión, criterios de selección e priorización de proxectos, e limitacións sectoriais da estratexia de desenvolvemento local do GDR Ribeira Sacra-Courel (GDR 06).

Este conxunto documental, aprobado e publicado por AGADER, figura como anexo á estratexia de desenvolvemento local do GDR 06. Pódese consultar no seguinte enlace oficial:

https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/Leader_GDR/Baremos/baremogdr06.pdf

4. O GDR Ribeira Sacra-Courel: territorio, historia, poboación, estrutura socioeconómica e patrimonio.

BASE 10: VALORACIÓN DE MÉRITOS (máximo 25 puntos)

A Comisión de Selección verificará os documentos acreditativos dos méritos alegados, puntuándoos segundo os seguintes criterios:

1. Formación especializada (máximo 10 puntos)

- Titulación universitaria vinculada a coñecementos económico-financeiros ou técnicos aplicables á xestión de proxectos de desenvolvemento rural (como Graos ou Licenciaturas en ADE, Empresariais, Economía, ou Enxeñarías Técnicas Agrarias, Forestais, etc): 3 puntos
- Outras titulacións universitarias non incluídas na categoría anterior: 1,5 puntos
- Estudos de posgrao ou máster en desenvolvemento rural ou xestión de proxectos europeos: 3 puntos
- Formación complementaria en contabilidade (1 punto cada 200 horas, máximo 2 puntos)
- Formación complementaria en publicidade, comunicación, deseño gráfico, edición de vídeo ou email marketing (1 punto cada 100 horas, máximo 2,5 puntos)

Coñecemento de idiomas (máximo 3 puntos) – Requírirase acreditación oficial:

- Galego: Curso de perfeccionamento ou estar en posesión dos títulos de bacharelato ou COU sen estar exento da materia de lingua galega nun centro público da Comunidade Autónoma Galega, ou CELGA 4: 1 punto
- Idioma estranxeiro (inglés, francés, alemán...):
 - Nivel B1: 0,5 puntos
 - Nivel B2 ou superior: 1,5 puntos *Poderanse computar ata dous idiomas estranxeiros, acumulándose a puntuación obtida en cada un deles segundo o nivel acreditado (EOI, Cambridge, TOEFL, DALF, Goethe, etc.).*

2. Experiencia profesional (máximo 12 puntos)

- Experiencia en xestión de programas de Desenvolvemento Local Participativo (Leader, Proder, GALP...) ou proxectos vinculados ao desenvolvemento rural:
 - 5 anos ou máis: 6 puntos
 - 4 anos: 5 puntos
 - 3 anos: 4 puntos
 - 2 anos: 3 puntos
 - 1 ano: 1,5 puntos
 - Cada período adicional de 6 meses engade 0,5 puntos ata un máximo de 6 puntos
- Experiencia en xestión económica de proxectos (certificada): +2 puntos
- Experiencia en contabilidade ou manexo de programas informáticos de xestión económica (Navision, etc.): +1,5 punto
- Experiencia en creación de contidos para redes sociais e web: +2 puntos

En Bóveda, na data da sinatura dixital

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____, con DNI nº _____, e
endereço en _____, CP _____, C/Pl/
Avda _____, nº _____, con Tfn. _____, e
endereço de correo electrónico a efectos de comunicacións _____, en virtude da
convocatoria para a contratación de persoal para o programa Leader 2023-2027 por parte do GDR
Ribeira Sacra-Courel.

SOLICITA

Participar no proceso de selección do posto _____ do programa
Leader 2023-2027 do GDR Ribeira Sacra-Courel.

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:

- DNI.
- Currículum Vitae.
- Listaxe numerada dos méritos alegados e copia ordenada dos documentos que os acrediten.
- Comunicación escrita dunha conta de correo electrónico para efectos de comunicación co/coa aspirante.
- Carné de conducir e declaración de dispoñibilidade de vehículo.
- Declaración de non estar incurso/a en causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Declaración de non desempeñar cargos electos en ningún GDR de Galicia.
- Declaración de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.

En _____, a ____ de _____ de 2025.

Firma: _____

Sr. Presidente do GDR
Rúa Doctor López Lallana nº6 1D, 27340 Bóveda - Lugo

Ribeira Sacra-Courel

LEADER

Desenvolvemento liderado polas comunidades locais

Ribeira Sacra - Courel
Grupo de Desenvolvemento Rural

ANEXO II

DECLARACIÓN DE NON ESTAR AFECTADO DE INCOMPATIBILIDADE

Apelidos

Nome

NIF/NIE

O abaixo asinante, aos efectos previstos na Convocatoria e Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal polo GDR RIBEIRA SACRA-COUREL para a execución da Intervención Leader de Galicia, no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, declara que non ven desenvolvendo ningún posto ou actividade no Sector Público, nin realiza actividades privadas incompatibles ou que requiran coñecemento de compatibilidade co posto de TECNICO/A ao que opta ao participar neste proceso, nin percibe pensión por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social (público e obrigatorio).

Así mesmo, declara baixo a súa responsabilidade que non desempeña cargo algún nos órganos de decisión do GDR RIBEIRA SACRA-COUREL

En _____, a _____ de _____ de 20____

Sinatura do solicitante _____

ANEXO III

Modelo “DECLARACION XURADA”

D/Dna. _____, co DNI núm
_____ e enderezo en _____, CP _____,
C/ _____, nº _____ Tfn. _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1. Que non desempeña ningún cargo electo nos órganos do GDR RIBEIRA SACRA-COUREL nin en ningún GDR de Galicia.
2. Que non padece enfermidade ou secuela física algunha que lle impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto ao que aspira.
3. Que dispón de vehículo propio e que presenta dispoñibilidade para desprazarse polo territorio de actuación do GDR RIBEIRA SACRA-COUREL, a fin de velar polo óptimo desenvolvemento e execución Intervención Leader de Galicia, no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027.

O que declara aos efectos da súa solicitude de participación no proceso de selección do posto de TÉCNICO/A para a execución da Intervención Leader de Galicia, no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 do GDR RIBEIRA SACRA-COUREL

En _____, a _____ de _____ de 20_____

Sinatura do solicitante _____